



Á DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

---

HÉCTOR LÓPEZ DE CASTRO RUÍZ, avogado, en representación da **CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**, segundo consta na copia de escritura de poder notarial anexa, con domicilio para efectos de notificacións na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10, 15707 Santiago de Compostela; **JOSÉ MANUEL VALES RAÑA**, avogado, en representación da **UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA (UGT)**, segundo consta na copia de escritura de poder notarial anexa, con domicilio para notificacións na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 12, 15707 Santiago de Compostela; e **LIDIA DE LA IGLESIA AZA**, avogada, en representación do **SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBRERAS DE GALICIA (CC.OO.)**, segundo consta na copia de escritura de poder notarial anexa, con domicilio para notificacións na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8, 15707 Santiago de Compostela; **EXPOÑEN:**

Que mediante o presente escrito e conforme ao disposto no artigo 21 do Real Decreto-lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo, interpoñen **CONFLITO COLECTIVO DE TRABALLO** contra a seguinte asociación empresarial:

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE SERVIZOS SOCIAIS E AXUDA A DOMICILIO DE GALICIA (AESSADG)**, con domicilio para notificacións na Rúa Torreiro, 13-15, 6ºF, 15003 A Coruña.

O presente conflito colectivo baséase nos seguintes feitos e fundamentos xurídicos.

**FEITOS**

---

**PRIMEIRO.** O presente conflito colectivo é de ámbito galego, por versar sobre a aplicación do *II Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galiza* (código 8200675), que foi obxecto de inscrición e publicación oficial mediante a Resolución da Dirección Xeral de Relacións Laborais do 18 de xaneiro de 2010 (DOG n.º 31, do 16.02.2010).

**SEGUNDO.** O artigo 41 do Convenio de referencia, rubricado «*Conceptos retributivos*», regula o complemento de domingos e festivos nos seguintes termos:

*«Complemento de domingos e festivos: as xornadas realizadas en domingo ou festivo, salvo para aquelas persoas traballadoras contratadas especificamente para domingos e festivos, terán unha retribución de 13 € durante o exercicio 2009, 16 € durante o exercicio 2010 e 18 € durante o exercicio 2011. Estes importes aboaranse por xornada traballada en domingo ou festivo, independentemente das horas traballadas».*

**TERCEIRO.** O artigo 44 do Convenio, rubricado «*Incremento de retribucións*» é do seguinte teor literal:

*«Durante a vixencia deste convenio, incrementaranse anualmente os conceptos reflectidos nas táboas salariais, con excepción do complemento de antigüidade, domingos e festivos e complemento de dispoñibilidade, nas seguintes porcentaxes:*

*Para o exercicio 2009, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2008 máis 1,3 puntos.*

*Para o exercicio 2010, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2009 máis 2 puntos.*

*Para o exercicio 2011, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2010 máis 2 puntos.*

*En calquera caso, a comisión paritaria determinará os criterios de aplicación nos supostos en que o IPC non fose positivo».*

**CUARTO.** Segundo os datos oficiais fornecidos polo *Instituto Nacional de Estadística* na súa comunicación do 14 de xaneiro de 2011, a taxa de variación interanual do índice de prezos de consumo (IPC) correspondente a decembro de

2010 foi do 3,0%, valor que se corresponde co concepto de IPC real que utiliza o Convenio colectivo.

**QUINTO.** En aplicación do citado artigo 44 do Convenio, o incremento retributivo correspondente ao exercicio 2011 debe ser do 5,0% (3,0% de IPC real máis 2% adicional) sobre os conceptos das táboas salariais para o ano 2010 (publicadas no DOG n.º 87, do 22.05.2010), con excepción do complemento de antigüidade, domingos e festivos e complemento de dispoñibilidade.

**SEXTO.** O día 3 de maio de 2011 tivo lugar na sede do Consello Galego de Relacións Laborais unha reunión da comisión paritaria do convenio colectivo para tratar a cuestión do incremento retributivo para 2011 (achégase a acta correspondente, dando por reproducido o seu contido), que finalizou sen acordo entre as partes.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

---

I. Sobre os aspectos de forma e procedemento: artigos 17, 18 e 19 do Real Decreto Lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo, e artigos 2, 151 e 152.a) LPL

II. Sobre o fondo da cuestión: artigos 41 e 44 do *II Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galiza*, artigo 1.124 do Código civil, principio «*pacta sunt servanda*», ben como demais normas e xurisprudencia de xeral e pertinente aplicación.

Polo exposto,

### SOLICITO:

---

Que teña por presentado este escrito, xunto coas súas copias, se sirva admitilo e na súa virtude teña por instada a realización do acto de conciliación previa ao proceso xudicial de conflito colectivo; citando as partes para o acto de conciliación a fin de que a conciliada se aveña a recoñecer o seguinte:

a) Que os traballadores incluídos no ámbito subxectivo do *II Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galiza* teñen dereito a percibir un incremento retributivo para o ano 2011 do 5,0% respecto dos conceptos das táboas salariais para o ano 2010, con excepción do complemento de antigüidade, domingos e festivos e complemento de dispoñibilidade.

b) Que os traballadores incluídos no ámbito subxectivo do *II Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galiza* teñen dereito a percibir, durante o ano 2011, unha retribución de 18 € polo complemento de domingos e festivos, importe que se aboará por cada xornada traballada en domingo ou festivo, independentemente das horas traballadas.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2011.

Three handwritten signatures in black ink are positioned horizontally below the date. The first signature on the left is highly stylized and circular. The middle signature is a more fluid, cursive script. The signature on the right is a simple, horizontal line with a small loop at the end.